

COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2016

Acórdase/apróbase por asentimento¹:

1. A acta da reunión ordinaria do día 14 de xullo de 2016.
2. Validar as propostas sobre programas de formación para o PDI do centro.
3. Non formular novas propostas sobre programas de formación para o PAS pois as súas suxestións son tramitadas directamente polos Servizos centrais.
4. Enviar un escrito á area de calidade solicitando estender o contrato da PAS de apoio ao proceso de renovación da acreditación do grao en Dereito ata o momento de recibir o informe definitivo de avaliación.
5. Traslado aos órganos competentes da relación de funcións que, segundo o aprobado na Comisión académica do Máster universitario en Avogacía do día 11 de xullo de 2016, debería realizar o persoal de administración e servizos adscrito ao Máster universitario en avogacía.
6. Solicitar unha reunión co Sr. Vicerreitor do Campus e a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado para tratar monográficamente o asunto relativo á plantilla de profesorado do Centro.
7. Validar o pronunciamento da Comisión Académica do Mestrado Universitario en Avogacía respecto aos criterios de selección e captación do PDI no mesmo.
8. Enviar un escrito ao profesorado das materias do Plan G080 do Grao en Dereito, ao obxecto de aclarar os criterios de avaliación para as materias sen dereito a docencia do devandito Plan².
9. Non admitir alumnado visitante SICUE para realizar o TFG ou as prácticas externas no Grao en Dereito para o curso 2017-18.
10. Enviar un escrito á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado coa finalidade de que se modifique o artigo 3.6º do regulamento para a realización do TFG/TFM na Universidade de Vigo e se permita desde xeito que os centros que comparten unha titulación poidan dispor de regulamentos e guías docentes de TFG e TFM diferentes.
11. Validar os informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Máster universitario en Avogacía³.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.

² Optando ben polo sistema previsto na última guía docente publicada da materia, ben polo previsto na nova guía correspondente ao Plan G081, e presumindo -de non recibir resposta no prazo dunha semana- que se escolle a primeira opción.

³ Incluindo as seguintes propostas de mellora:

A. *Grao*:

12. Validar os informes de avaliación do PAT do curso 2015/16, e asemade o PAT do curso 2016/17, tanto no Grao en Dereito como no Máster universitario en Avogacía.
13. Aprobar o informe relativo ao PAESU do curso 2015/16 e asemade o PAESU para o curso 2016/17.
14. Aprobar o informe final da coordinadora de Grao en Dereito relativo ao peche das guías docentes correspondentes ao curso 2015/16.
15. Aprobar as solicitudes para dotación de recursos do centro relativas ao gasto de ordenadores para as aulas e dúas viaxes de estudos do alumnado.
16. Validar a proposta de celebración do I Foro de Emprego Xurídico na Facultade de Dereito os días 4 e 25 de novembro de 2016.
17. Aprobar os formatos relativos a carteis de titorías, cursos a celebrar na Facultade e logos de calidade para a entrada no edificio.

Ourense, 2 de novembro de 2016

Decanato
Facultade de Dereito
Universidade de Vigo



Concepción Martínez Martínez
Secretaría da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 28 de outubro de 2016, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios e na web da Facultade o día 2 de novembro de 2016.



Concepción Martínez Martínez
Secretaría da Facultade de Dereito

- 1º Recoller as suxerencias do informe de seguimento da ACSUG.
 - 2º Recoller como mellora na materia prácticas externas a subscrición de novos convenios (p.e., co CGPJ).
 - 3º Organizar un Foro de Emprego Xurídico.
 - 4º Organizar unha Feira de Emprego Xurídico.
 - 5º Instar a modificación do artigo 3.6. do Regulamento para a realización do Traballo de Fin de Grao da Universidade.
 - 6º Modificar a mellora proposta polo coordinador do TFG en relación coa posibilidade de acceso ao Máster universitario en Avogacía do alumnado que conorra á convocatoria de Fin de carreira no TFG.
- B. Máster universitario en Avogacía** –ademais de incluír o informe do coordinador do TFM:-
- 1º Dar acceso a través dunha páxina principal á web de cada unha das sedes.
 - 2º. Incluir as propostas que figuran no informe de coordinación de prácticas externas.
 - 3º. Modificar o regulamento de TFM do Mestrado.
 - 4º. Instar a modificación do art. artigo 3.6. do Regulamento para a realización do Traballo Fin de Máster da Universidade de Vigo.
 - 5ª. Organizar un Foro de Emprego Xurídico.
 - 6ª. Organizar unha Feira de Emprego Xurídico.